

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 13 DE OUTUBRO DE 2021

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día trece de outubro de dous mil vinte e un, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro e don Diego Alcantarilla Rei.

Non asiste e presenta escusa dona María Dolores Pan Lesta.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona María Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parceros Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona María Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Aprobación, se procede, dos borradores das actas da sesión ordinaria do día 5 de outubro de 2021 e da sesión extraordinaria e urxente do día 8 de outubro de 2021

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta da sesión ordinaria do día 5 de outubro de 2021 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros e don Daniel Mallo Castro) aprobou o citado borrador.

Faise constar que a acta da sesión extraordinaria e urxente do día 8 de outubro de 2021 non foi remitida en prazo aos integrantes da Xunta de Goberno Local, polo que queda pendente para a súa aprobación na seguinte sesión ordinaria que teña lugar

2º. Boletíns e correspondencia

- Decreto 129/2021, do 23 de setembro, da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción denominado Fomento da mobilidade sustentable. Itinerario peonil e ciclista na AC-213 na Telva (puntos quilométricos 1+840-2+340), de clave AC/20/009.06.1, nos concellos de Cambre e Culleredo (A Coruña). (Diario Oficial de Galicia número 193, do 6 de outubro de 2021).

- Orde do 7 de outubro de 2021, da Consellería de Sanidade, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade

Autónoma de Galicia e se modifican a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia e a Orde do 29 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de lecer nocturno da Comunidade Autónoma de Galicia. (Diario Oficial de Galicia número 195, do 8 de outubro de 2021).

- Orde do 24 de setembro de 2021, da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, pola que se establecen os domingos e festivos en que se autoriza de establecementos comerciais durante o ano 2022. (Diario Oficial de Galicia número 196, do 11 de outubro de 2021).

3º. Expediente de contratación

3.1. Proposta de aprobación do Plan de Seguridade e Saúde correspondente á obra “Senda peonil para accesibilidade entre o local social e as instalacións deportivas municipais, Anceis-Cambre”. Expediente: 2021/C002/000122

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 8 de outubro de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

«Visto o expediente de contratación incoado co número 2021/C002/000122 para a contratación como contrato menor da obra “Senda peonil para accesibilidade entre o local social e as instalacións deportivas municipais, Anceis-Cambre”.

Visto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local con data 31 de agosto de 2021 polo que se adxudicou a obra á empresa “Jardinería Arce, S.L.”

Visto que o servizo de coordinación de seguridade e saúde de dita obra correspóndelle á entidade “Gallega de Coordinacións, S.L.”, adxudicataria do “Servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras promovidas polo Concello de Cambre 2021-2022” (exp. 2020/C004/000021), segundo acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local con data 6 de xullo de 2021.

Visto o plan de seguridade e saúde elaborado pola empresa adxudicataria da obra e presentado por don Francisco Jesús Cobas Fernández, técnico designado por “Gallega de Coordinacións, S.L.”, ao que achega o seu informe favorable, con rexistro de entrada no Concello de Cambre o día 30 de setembro de 2021 e número 202199900005037.

Visto o informe favorable emitido con data 5 de outubro de 2021 pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, responsable do contrato.

Á vista do establecido para o efecto no artigo 7 do Real Decreto 1627/1997 do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar o plan de seguridade e saúde presentado pola empresa “Jardinería Arce, S.L.”, para a execución da obra denominada “Senda peonil para accesibilidade entre o local social e as instalacións deportivas municipais, Anceis-Cambre”. Expte 2021/C002/000122

Segundo: Notificar este acordo á empresa “Jardinería Arce, S.L.” e a don Francisco Jesús Cobas Fernández, designado pola entidade Gallega de Coordinacións, S.L. como coordinador da seguridade e saúde da obra, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalgo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente.

Terceiro: Notifíquese á enxeñeira técnica de obras públicas municipal, responsable do contrato, para a súa constancia e para os efectos oportunos.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

3.2. Proposta de adxudicación do contrato menor correspondente ao servizo de control de calidade para a execución das obras comprendidas no “Proxecto básico e de execución de bancadas cubertas e vestiarios no campo de fútbol de Brexo; agosto de 2019 (actualizado agosto 2020)”, á empresa 3C Calidade e Control S.C.G., no prezo ofertado de 13.555,00 € sen IVE (16.401,55 €, IVE incluído). Expediente: 2021/C002/000158

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 8 de outubro de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

«Con data 03/09/2021 asínase polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito un informe-proposta para a contratación do servizo de control de calidade para a execución das obras comprendidas no “Proxecto básico e de execución de bancadas cubertas e vestiarios no campo de fútbol de Brexo; agosto de 2019 (actualizado agosto 2020).” Nesa mesma data asínase polo citado técnico o documento denominado “Prescricións Técnicas”, cun importe base de licitación de 13.693,00 €, sen IVE, 16.568,53 €, IVE incluído.

Con data 03/09/2021 asínase polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito, o concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, e pola concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, o documento denominado “Proposta-Informe de necesidade”, correspondente ao servizo de control de calidade citado, xustificando a necesidade do contrato do seguinte teor literal:

“As obras comprendidas no “PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE BANCADAS CUBERTAS E VESTIARIOS NO CAMPO DE FÚTBOL DE BREXO” Agosto de 2019 (actualizado agosto 2020)” foron licitadas tomando como base o “PREGO-TIPO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE HABERÁN DE REXER PARA A CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDUREMTO ABERTO SIMPLIFICADO (CON PLURALIDADE DE CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN CON APLICACIÓN DE XUÍZOS DE VALOR E CRITERIOS DE APRECIACIÓN AUTOMÁTICA) publicado no BOP 207 de 03/12/2020, da Deputación da Coruña”

A cláusula 29 (Control de Calidade) do citado Prego, de acordo con o previsto na cláusula 12.3.2., establece:

A administración, a través da Dirección ordenará a unha empresa especializada neste tipo de controis, contratada pola administración, que se verifiquen os ensaios e análises de materiais e unidades de obra que en cada caso resulten pertinentes. A mesma Dirección fixará o número, forma e dimensións e demais características que deben reunir as mostras e probetas para ensaio e análise, caso de que non exista disposición xeral para o efecto, nin estableza tales datos o Prego de prescricións técnicas particulares ou outros documentos do proxecto. Os gastos deste control serán por conta da administración e non se reterán ao contratista.

Mediante o expediente de contratación 2020/C004/000021 adxudicouse o "Servizo de control de calidade das obras promovidas polo Concello de Cambre (2021/2022)" cuxo prezo anual é de 15.740,94 €, IVE incluído; é dicir, un importe anual inferior ao necesario para o control das obras de referencia; polo que se fai necesaria efectuar esta contratación para dar cumprimento ao Prego de Cláusulas Administrativas Particulares co que se contrataron as mencionadas obras."

Con data 04/09/2021 emítase documento de "Retención de crédito" pola Intervención municipal no que consta a consignación orzamentaria adecuada e suficiente na aplicación orzamentaria 342 62200 (Instalacións deportivas).

O órgano competente para a autorización e aprobación do gasto, e para a adxudicación do expediente é a Xunta de Goberno Local (segundo Resolución da Alcaldía nº 1324/2019 do 1 de xullo de delegación de atribucións a prol da Xunta de Goberno Local).

Con data 23/09/2021 emítase informe polo arquitecto municipal no que consta que:

Foron invitadas a/s seguinte/s empresa/s:

CYE CONTROL E ESTUDIOS, S.L.
3C CALIDAD Y CONTROL S.C.G.
GALAICONTROL

e que presentaron oferta as empresas que a continuación se relacionan:

EMPRESAS	CRITERIO ECONÓMICO		
	OFERTA	BAJA	% BAJA
CYE CONTROL Y ESTUDIOS S.L.	declina	-	-
3C CALIDAD Y CONTROL S.C.G.	16.401,55	166.98	1,01
GALAICONTROL	16.568,53	0,00	0,000

formulando proposta de adxudicación do contrato menor correspondente ao servizo de control de calidade para a execución das obras comprendidas no "Proxecto básico e de execución de bancadas cubertas e vestiarios no campo de fútbol de Brexo; agosto de 2019 (actualizado agosto 2020)" á empresa 3C CALIDADE E CONTROL S.C.G., cunha oferta económica de 16.401,55 € (IVE incluído), por presentar a oferta máis vantaxosa.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adjudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de administración xeral de data 1 de outubro de 2021, e mailo informe de fiscalización nº 379/2021, emitido polo interventor da Corporación con data do 4 de outubro de 2021.

Visto o informe emitido polo arquitecto municipal con data 5 de outubro de 2021 no que se dispón que *“se da cumprimento a las características del contrato menor que se señalan en el informe de Fiscalización y que la descomposición en elementos unitarios que dan lugar al precio ofertado, puede ser realizado con posterioridad a la adjudicación del contrato”* e tendo en conta a Resolución da Alcaldía nº 1717/2021 de 07 de outubro, na que se levantan os reparos formulados pola Intervención Municipal.

Visto canto antecede, por parte desta Concellería considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.2 da LCSP, respecto da necesidade do contrato para o exercicio das competencias propias do Concello en materia de promoción do deporte e instalacións deportivas conforme se estipula no artigo 25.2 (apartado I) da Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local, así como que no presente suposto non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos umbrais descritos no artigo 118.1.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO** :

Primeiro: Aprobar o documento denominado “Prescricións Técnicas”, correspondente ao servizo de control de calidade para a execución das obras comprendidas no “Proxecto básico e de execución de bancadas cubertas e vestiarios no campo de fútbol de Brexo; agosto de 2019 (actualizado agosto 2020).” elaborado polo arquitecto municipal, cun importe de licitación de 13.693,00 €, sen IVE, 16.568,53 €, IVE incluído, así como a necesidade da contratación.

Segundo: Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 342 62200 (Instalacións deportivas).

Terceiro: Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2021/C002/000158, do servizo de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Cuarto: Adjudicar o contrato menor correspondente ao servizo de control de calidade para a execución das obras comprendidas no “Proxecto básico e de execución de bancadas cubertas e vestiarios no campo de fútbol de Brexo; agosto de 2019 (actualizado agosto 2020). á empresa 3C CALIDADE E CONTROL S.C.G., cunha oferta económica de 13.555,00 € sen IVE, 16.401,55 € (IVE incluído), por ser a empresa que fixo mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo.

Quinto: De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

Sexto: Designase como responsable do contrato o arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sétimo: Notifíquese ao responsable do contrato, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

Oitavo: Notificar os presentes acordos aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

3.3. Proposta de aprobación do Plan de Seguridade e Saúde, Plan de Xestión de Residuos e Plan Traballo presentados pola empresa Construcciones La Carrasca,S.L., adxudicataria da obra “Mellora dos parques infantís de Andeiro e Anceis. Supervisado”, obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS+ Adicional 2/2020 para gastos correntes e investimentos financeiramente sostibles da Deputación Provincial da Coruña. Expediente: 2020/C003/000007

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 8 de outubro de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

«Visto o expediente de contratación incoado co número 2020/C003/00007 para a contratación da obra “Mellora dos parques infantís de Andeiro e Anceis. Supervisado”, obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS+ Adicional 2/2020 para gastos correntes e investimentos financeiramente sostibles da Deputación Provincial da Coruña” Expediente: 2020/C003/000007

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 07 de setembro de 2021 polo que se adxudicou a obra á empresa “Construcciones La Carrasca, S.L.” asinándose o correspondente contrato con data 14 de setembro de 2021.

Visto que o servizo de coordinación de seguridade e saúde de dita obra corresponde á entidade Gallega de Coordinacións, S.L. adxudicataria do expediente "Coordinación de seguridade e saúde de diversas obras públicas no Concello de Cambre" segundo establece o acordo da Xunta de Goberno Local de 06/06/2021 (exp. 2020/C004/000022).

Visto o plan de seguridade e saúde elaborado pola empresa adxudicataria e presentado por don Francisco Jesús Cobas Fernández, coordinador da seguridade e saúde da obra, designado pola entidade Gallega de Coordinacións, S.L. ao que achega o seu informe favorable, rexistro de entrada no Concello de Cambre o día 06 de outubro de 2021 e número 202199900005123.

Visto o Plan de Xestión de Residuos elaborado pola empresa adxudicataria, con rexistro de entrada no Concello de Cambre o día 07 de outubro de 2021 e número 202199900005150.

Visto o Plan de Traballo elaborado pola empresa adxudicataria, con rexistro de entrada no Concello de Cambre o día 07 de outubro de 2021 e número 202199900005150.

Visto os informes favorables emitidos con data de 07 de outubro de 2021 pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, directora de obra e responsable do contrato.

Á vista do establecido para o efecto no artigo 7 do Real Decreto 1627/1997 do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción e do establecido na cláusula 18.2 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reguladoras do actual contrato.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar o plan de seguridade e saúde presentado pola empresa "Construcciones La Carrasca, S.L." adxudicataria da obra "Mellora dos parques infantís de Andeiro e Anceis. Supervisado", obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS+ Adicional 2/2020 para gastos correntes e investimentos financeiramente sostibles da Deputación Provincial da Coruña", incluída Expediente: 2020/C003/000007

Segundo: Aprobar o plan de xestión de residuos presentado pola empresa "Construcciones La Carrasca, S.L." adxudicataria da obra "Mellora dos parques infantís de Andeiro e Anceis. Supervisado", obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS+ Adicional 2/2020 para gastos correntes e investimentos financeiramente sostibles da Deputación Provincial da Coruña", incluída Expediente: 2020/C003/000007

Terceiro: Aprobar o plan de traballo presentado pola empresa "Construcciones La Carrasca, S.L." adxudicataria da obra "Mellora dos parques infantís de Andeiro e Anceis. Supervisado", obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS+ Adicional 2/2020 para gastos correntes e investimentos financeiramente sostibles da Deputación Provincial da Coruña", incluída Expediente: 2020/C003/000007

Cuarto: Notificar este acordo á empresa "Construcciones La Carrasca, S.L." e a don Francisco Jesús Cobas Fernández, coordinador da seguridade e saúde da obra, designado pola entidade Gallega de Coordinacións, S.L., facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor

do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente.

Cuarto: Notifíquese a enxeñeira técnica de obras públicas, para a súa constancia e para os efectos oportunos.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

4º Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por informados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 1 ao 7 de outubro do ano que andamos, que comeza coa resolución do concelleiro delegado da área de Desenvolvemento Socioeconómico número 1676/2021 e remata coa resolución da Alcaldía número 1718/2021, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1676/2021	01-10-2021	Adhesión ao programa Son de Bares. O Rodil 02/10
1677/2021	01-10-2021	Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 5 de outubro de 2021
1678/2021	01-10-2021	Solicitude de autorización para a venda de castañas
1679/2021	01-10-2021	Reposición da legalidade urbanística pola realización de obras en parcelas sitas en Picardos (Anceis), sen título habilitante municipal. Propiedade: A.V.B e M.E.A.R.
1680/2021	01-10-2021	Reposición da legalidade urbanística pola existencia de varios volumes. sen título habilitante, en Picardos (Anceis). Propiedade: A.V.B. e M.E.A.R.
1681/2021	01-10-2021	Denegación axuda emerxencia social alimentación a C.A.R.L., por esgotar o período máximo de concesión de 18 meses
1682/2021	01-10-2021	Concesión tarxeta estacionamento discapacidade a M.D.I.S.
1683/2021	01-10-2021	Concesión axuda emerxencia social a R.R.M. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
1684/2021	01-10-2021	Concesión axuda emerxencia social a C.G.R. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
1685/2021	01-10-2021	Denegación axuda emerxencia social a A.B.F., por esgotar o período máximo de concesión estipulado na ordenanza
1686/2021	04-10-2021	Aprobación de certificacións correspondentes á obra "Proxecto básico e de execución, edificio sociocultural na parroquia de Cela, Lg. Pena (solo), Igrexa, Cela, 15660 Cambre. Maio 2020" e recoñecemento e liquidación



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		de obrigas correspondentes a facturas por importe de 10.345,20 euros, así como o seu pagamento
1687/2021	04-10-2021	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 32.374,58 euros
1688/2021	04-10-2021	Celebración voda civil o día 16 de outubro de 2021 ás 13 horas.
1689/2021	04-10-2021	Resolución de nomeamento de coordinadora deportiva interina
1690/2021	04-10-2021	Concesión de bonificación da cota da taxa por subministración de auga e da prestación patrimonial de carácter público non tributario pola depuración, para vivendas nas que convivan máis de cinco persoas ou o pagador da póliza de abono ostente a condición de familia numerosa (terceiro trimestre 2021).
1691/2021	04-10-2021	Concesión de bonificación do 100% nas taxas por subministración de auga e do servizo da rede de sumidoiros e na prestación patrimonial de carácter público non tributario polo servizo público de tratamento e depuración de augas residuais (3º trimestre 2021).
1692/2021	04-10-2021	Aprobación do padrón das taxas de auga e rede de sumidoiros, da prestación patrimonial de carácter público non tributario polo servizo de depuración e do canon da auga do tercer trimestre de 2021.
1693/2021	05-10-2021	Concesión de licenza a UFD Distribución Electricidad, S.A., para executar unha canalización de 32 metros lineais para o tendido dunha liña subterránea de baixa tensión destinada a proporcionar subministración de enerxía eléctrica á vivenda unifamiliar sita na rúa Arrigada, Cambre
1694/2021	05-10-2021	Desestimación do recurso de reposición interposto por Comunidade de Propietarios da Estrada Cambre-Temple, contra a Resolución 631/2021 do concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, pola que se concede licenza de vao laboral para o acceso a local destinado a comercio
1695/2021	05-10-2021	Concesión axuda emerxencia social alimentación a A.M.S.L. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
1696/2021	05-10-2021	Concesión axuda aluguer a P.A.P.B. por importe de 250 euros
1697/2021	05-10-2021	Concesión axuda aluguer por importe total de 900 euros a M.P.V.D.
1698/2021	05-10-2021	Orde de execución por vertido de augas sucias a canalización de augas pluviais, na marxe do camiño público municipal 1c10304. M.A.C.R. e J.L.D.
1699/2021	05-10-2021	Orde de execución por vertido de augas sucias a canalización de augas pluviais na marxe do camiño público 1c 10304. Propiedade: M.A.C.R.
1700/2021	05-10-2021	Orde de execución polo mal estado no que se atopa o muro de cachotería sito en Graduil, entre a marxe do camiño público municipal 1C 1.0182 e un dos laterais do polígono de Cambre. Propiedade: C.P.P.G.
1701/2021	05-10-2021	Reposición da legalidade urbanística por obras de reforma na vivenda; na construción auxiliar e actuacións diversas na parcela sita no lugar de Barreira (Cambre). Propiedade: M.C.B.V. e F.J.C.S.
1702/2021	06-10-2021	Multas de tráfico - 99500000023858 Acordos de inicio
1703/2021	06-10-2021	Modificación de hora de celebración de voda civil do 23/10/2021
1704/2021	06-10-2021	Expediente sancionador a cafe bar pola reprodución de música no interior do local sito na rúa Tapia, O Temple, Propiedade: M.C.R.B.
1705/2021	06-10-2021	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 83.861,33 €
1706/2021	06-10-2021	Orde de execución para a retirada dun poste do tendido aéreo no viario



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		publico, en Espiñeiro- Brexo. UFD Distribución Electricidad.
1707/2021	06-10-2021	XXIX Semana Micoloxía 2021
1708/2021	06-10-2021	Reposición de legalidade urbanística por execución de obras de construción de rampla de acceso a finca sita na Xira, Sigrás, non incluídas na comunicación previa presentada. Propiedade: L.M.A.S. e M.S.M.
1709/2021	06-10-2021	Avocación de competencias da segunda tenente de alcalde dona Lúa Sanguñedo Álvarez do día 5 ao día 9 de novembro de 2021 (ambos incluídos)
1710/2021	07-10-2021	Aprobación de certificación correspondente á obra "Mellora de varios recintos deportivos exteriores do Concello de Cambre" e recoñecemento e liquidación de obrigas correspondentes a factura por importe de 27.821,70 euros, así como o seu pagamento
1711/2021	07-10-2021	Aprobación programa de Actividades da Escola de Actividades Físicas e Saúde os meses de novembro e decembro de 2021 e durante o ano 2022 salvo os meses de xullo e agosto así coma o seu orzamento
1712/2021	07-10-2021	Resolución de nomeamento de traballadora social
1713/2021	07-10-2021	Licenza de segregación de finca sita en Quintán - Cambre para posterior cesión ao Concello promovida por D.M.L.
1714/2021	07-10-2021	Contrato menor de asistencia técnica para supervisión e valoración de ofertas dos licitadores IDAE
1715/2021	07-10-2021	Multas de tráfico - 14022/2021 Resolución de primeiras alegacións. Ordinario
1716/2021	07-10-2021	Celebración voda civil o día 23 de outubro de 2021 ás 14 horas.
1717/2021	07-10-2021	Contratación do "Servizo de control de calidade para a execución das obras comprendidas no <i>Proxecto básico e de execución de gradas cubertas e vestiarios no campo de fútbol de Brexo</i> "
1718/2021	07-10-2021	Convocatoria da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do día 8 de outubro de 2021

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia das propostas en relación cos seguintes asuntos:

- Proposta de adjudicación do contrato menor correspondente á obra "Actuación de renovación integral dos parques infantís de Brexo-Lema e Santa María de Vigo" á empresa Contorna Técnicas Constructivas, S.L., no prezo ofertado de 31.000,00 € sen IVE, 37.510,00 € IVE incluído. Expediente: 2021/C002/000123
- Proposta de adjudicación do contrato menor correspondente á obra "Mellora dos vestiarios do campo de fútbol de Lendoiro - A Barcala" á empresa López Freire Inversiones, S.L., no prezo ofertado de 12.300,00 € sen IVE, 14.883,00 € IVE incluído. Expediente: 2021/C002/000162

sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos sete concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local.

A) Proposta de adjudicación do contrato menor correspondente á obra "Actuación de renovación integral dos parques infantís de Brexo-Lema e Santa María de Vigo" á empresa Contorna Técnicas

Constructivas, S.L., no prezo ofertado de 31.000,00 € sen IVE, 37.510,00 € IVE incluído. Expediente: 2021/C002/000123

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 11 de outubro de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

«Con data 23/07/2021 asínase pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal o documento correspondente á obra “Actuación de renovación integral dos parques infantís de Brexo-Lema e Santa María de Vigo” , cun importe de 31.019,00 euros sen IVE, 37.532,99 euros IVE incluído, e un prazo de execución de 3 meses.

Con data 23/07/2021 asínase pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, o alcalde da corporación e pola concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos o documento denominado “Proposta-Informe de Necesidade”, no que se xustifica a necesidade da contratación nas numerosas queixas e reclamacións veciñais polo estado no que se atopan os parques infantís municipais e tras realizar unha inspección de todos eles detectándose numerosas deficiencias, o cal pode poñer en perigo aos usuarios destas instalacións podendo chegar a provocar accidentes e reclamacións por responsabilidade patrimonial, e tendo en conta que é intención do goberno municipal destinar fondos do remanente municipal a mellora e posta a punto de todos os parques infantís municipais, con carácter previo á contratación do servizo de mantemento periódico destas instalacións.

Explícase no informe-proposta de necesidade do contrato que redactouse unha memoria denominada “INTERVENCIÓN PARA A MELLORA DA ADAPTACIÓN Á NORMATIVA DOS PARQUES INFANTÍS MUNICIPAIS DO TERMINO MUNICIPAL DE CAMBRE” na cal, quedan excluídos desta intervención dous parques municipais, dado o importante estado de deterioración destes, nos cales se fai necesario intervir mediante unha reforma integral, sendo estes parques, precisamente, os de Brexo-Lema e o de Santa María de Vigo.

Indican que “se trata dunha necesidade puntual non recorrente, unha actuación non planificada de necesidade urxente para adaptación deste tramo á normativa, aproveitando a existencia dos fondos a cargo do remanente municipal, fondos cos que non se contaba ata a data e, debido a que por indicacións de intervención o gasto ten que quedar esgotado antes de final de ano, urxe a súa tramitación por este procedemento e inhabilita a posibilidade de utilizar calquera outro proceso de contratación.”

As obras a realizar, son as seguintes:

Parque infantil Brexo Lema:

O parque infantil de Brexo Lema ten unha superficie aproximada duns 112 m², esta previsto o desmonte completo do parque, xogos, valado e pavimento.

Posteriormente reporán con elementos novos de características similares, substituindo o pavimento existente na actualidade por outro de caucho tipo EPDM.

Parque infantil Santa María de Vigo

O parque infantil de Santa María de Vigo ten unha superficie aproximada duns 115 m², esta previsto o desmonte completo do parque, xogos, valado e pavimento

Posteriormente reporán con elementos novos de características similares, restaurando e recolocando os peiraos e substituindo o pavimento existente na actualidade por outro de caucho tipo EPDM.

Con data 31/08/2021 emítese polo arquitecto municipal o informe urbanístico de viabilidade, no que se dispón:

“Las actuaciones consisten básicamente es dotar de un parques de calidad y adaptados a la Normativa Europea, que en España constituyen la serie UNE-EN 1176 y UNE-EN 1177, y al Decreto 245/2003, del 24 de abril, por el que se establecen las normas de seguridad en los parques infantiles en Galicia, teniendo en cuenta además de los materiales que forman los juegos, el suelo y las colocaciones, con las medidas y distancias de seguridad.

Se trata, por tanto, de obras necesarias de mantenimiento y/o reposición de elementos dañados

En base a lo expuesto, dado que los trabajos se realizaran sobre instalaciones ya existentes, de titularidad municipal, es por lo que, desde el punto de vista urbanístico, se consideran viables.”

Con data 04/09/2021 emítase documento de “Retención de crédito” pola Intervención municipal no que consta a consignación orzamentaria adecuada e suficiente na aplicación orzamentaria 171 61900 (outras invers. repos. parques e xardíns).

O órgano competente para a autorización e aprobación do gasto, e para a adxudicación do expediente, é a Xunta de Goberno Local (segundo Resolución da Alcaldía nº 1324/2019 do 1 de xullo de delegación de atribucións a prol da Xunta de Goberno Local).

Con data 22/09/2021 emítase informe pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, no que consta que foron invitadas a/s seguinte/s empresa/s:

CONTORNA TECNICAS CONSTRUCTIVAS, S.L.
CALFENSA PROYECTOS S.L.
NARON SERVICIOS DE MEDIO AMBIENTE S.L

E que presentaron oferta as empresas que a continuación se relacionan:

Empresa	Oferta sen IVE	Oferta IVE incluído
CONTORNA TECNICAS CONSTRUCTIVAS, S.L.	31.000,00€	37.510,00€
CALFENSA PROYECTOS, S.L.	31.019,00€	37.532,99€

Formulando proposta de adxudicación do contrato menor correspondente á obra de “Actuación de renovación integral dos parques infantís de Brexo-Lema e Santya María de Vigo”, á empresa CONTORNA TÉCNICAS CONSTRUCTIVAS, S.L., con NIF B7056**** e domicilio en Manzana 9 Calle H, núm.38 1º, 15189, Culleredo, no prezo ofertado de 31.000,00€ sen IVE, 37.510,00€ IVE incluído, por ser a empresa que fixo mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de admin. xeral de data 08/10/2021, e mailo informe de fiscalización nº 389/2021, emitido polo interventor da Corporación con data do 11 de outubro de 2021.

Visto canto antecede, por parte desta Concellería considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.2 da LCSP, respecto da necesidade do contrato para o exercicio das competencias propias do Concello en materia de “*Medio ambiente urban: en particular, parques e xardíns públicos,*”, conforme se estipula no artigo 25.2 (apartado b) da Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local , así como que no presente suposto non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos umbrais descritos no artigo 118.1.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO** :

Primeiro: Aprobar a memoria valorada correspondente á obra “Actuación de renovación integral dos parques infantís de Brexo-Lema e Santa María de Vigo” , elaborado con data do 23/07/2021 pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, cun importe de licitación de 31.019,00 euros sen IVE, 37.532,99 euros IVE incluído, e un prazo de execución de 3 meses, así como a necesidade da contratación.

Segundo: Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 171 61900 (outras inversións reposición parques e xardíns).

Terceiro: Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2021/C002/000123, da obra de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Cuarto: Adxudicar o contrato menor correspondente á obra de “Actuación de renovación integral dos parques infantís de Brexo-Lema e Santa María de Vigo”, á empresa CONTORNA TÉCNICAS CONSTRUCTIVAS, S.L., con NIF B7056**** e domicilio en Manzana 9 , rúa H, núm.38 1º , 15189 Culleredo, no prezo ofertado de 31.000,00€ sen IVE, 37.510,00€ IVE incluído, por ser a empresa que fixo mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo.

Quinto: De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

Sexto: Designar como directora da obra e responsable do contrato á enxeñeira técnica de obras públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanöe, de conformidade co establecido no artigo 62.2 da LCSP, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sétimo: A coordinación da seguridade e saúde da obra correspóndelle á empresa “Gallega de Coordinaciones S.L.”, como adxudicataria do contrato para a prestación do servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras promovidas polo Concello de Cambre (2021-2022), exp. nº 2020/C004/000022.

Oitavo: Notifíquese á responsable do contrato, dona Elena Bartolome Delanöe, á empresa Gallega de Coordinaciones S.L., coordinadora de seguridade, á responsable da Axencia de Desenvolvemento Local municipal e máis ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

Noveno: Notificar o presente acordo aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá

recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, regula das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso - Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso - Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

B) Proposta de adjudicación do contrato menor correspondente á obra “Mellora dos vestiarios do campo de fútbol de Lendoiro - A Barcala” á empresa López Freire Inversiones, S.L., no prezo ofertado de 12.300,00 € sen IVE, 14.883,00 € IVE incluído. Expediente: 2021/C002/000162

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 11 de outubro de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

«Con data 01/09/2021 asínase polo arquitecto municipal o documento denominado “Descrición técnica para a Mellora dos vestiarios do campo de fútbol municipal Lendoiro- A Barcala” , cun importe de licitación de 12.302,24 euros sen IVE, 14.885,71 euros IVE incluído, e un prazo de execución de 2 meses.

Con data 05/09/2021 asínase polo coordinador da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, o concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude e pola concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos o documento denominado “Proposta-Informe de Necesidade”, correspondente á obra “Mellora dos vestiarios do campo de fútbol municipal Lendoiro- A Barcala”.

No informe xustifícase a contratación para a correcta prestación do servizo e uso das instalacións deportivas municipais que serán obxecto das actuacións derivadas deste contrato, en cumprimento das competencias que o Concello de Cambre ten na promoción do deporte e instalacións deportivas conforme se estipula no artigo 25.2 (apartado I) da Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local.

Asemade, a Lei 3/2012 do deporte de Galicia, no seu artigo 8, especifica as seguintes competencias para os municipios no seu ámbito territorial:

3. Construír, xestionar, ampliar e manter as instalacións deportivas de titularidade municipal e, de ser o caso, a xestión e o mantemento das de titularidade autonómica cuxo uso e cuxa xestión lles sexan cedidos, tendo en conta a cualificación adecuada do persoal responsable para esas finalidades.

4. Velar pola plena utilización das instalacións deportivas da súa titularidade, procurar a participación das asociacións deportivas do seu ámbito municipal na optimización do seu uso e coidar as súas condicións de hixiene e seguridade.

O mal estado do pavimento dos vestiarios con roturas das baldosas cerámicas fai necesaria a súa substitución, o que implicaría tamén a mellora do saneamento horizontal existente, ademais de que o aspecto exterior dos vestiarios é moi deficiente polo que se necesita unha limpeza total e un novo pintado das fachadas do mesmo.

Con data 07/09/2021 emítense documento de “Retención de crédito” pola Intervención municipal no que consta a consignación orzamentaria adecuada e suficiente na aplicación orzamentaria 342 21200 (Mantemento Instalacións deportivas).

O órgano competente para a autorización e aprobación do gasto, e para a adxudicación do expediente, é a Xunta de Goberno Local (segundo Resolución da Alcaldía nº 1324/2019 do 1 de xullo de delegación de atribucións a prol da Xunta de Goberno Local).

Con data 05/10/2021 emítense informe polo coordinador da Área de Cultura, Deportes e Xuventude municipal, no que consta que foron invitadas a/s seguinte/s empresa/s:

- López Cao, S.L.
- López Freire Inversiones, S.L.
- Murat Construcciones y Mantenimiento, S.L.

E que presentaron oferta as empresas que a continuación se relacionan:

Empresa	Oferta sen IVE	Oferta IVE incluído
López Cao, S.L.	12.302,24€	14.885,71€
López Freire Inversiones, S.L.	12.300,00€	14.883,00€
Murat Construcciones y Mantenimiento, S.L. (fora de prazo)	12.302,00€	14.885,42€

Formulando proposta de adxudicación do contrato menor correspondente á obra “Mellora dos vestiarios do Campo de Fútbol Municipal Lendoiro – A Barcala”, á empresa López Freire Inversiones SL, con NIF B7015****, domicilio en PE DO MUIÑO, 17 (Sada), no prezo ofertado de 12.300,00 € sen IVE, 14.883,00 € IVE incluído, por ser a empresa que fixo mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de admin. xeral de data 8 de outubro de 2021, e mailo informe de fiscalización nº 390/2021, emitido polo interventor da Corporación con data do 11 de outubro de 2021.

Visto que con data 11/10/2021 emítense un novo documento de “Retención de crédito” pola Intervención municipal no que consta a consignación orzamentaria adecuada e suficiente na aplicación orzamentaria 342 62200 (Instalacións deportivas).

Visto canto antecede, por parte desta Concellería considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.2 da LCSP, respecto da necesidade do contrato para o exercicio das competencias propias do Concello en materia de “ *Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.*”, segundo artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, apartado I), e art. 8 da Lei 3/2012 do deporte de Galicia, así como que no presente suposto non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos umbrais descritos no artigo 118.1.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO** :

Primeiro: Aprobar o documento denominado “Descrición Técnica para a Mellora dos vestiarios do campo de fútbol de Lendoiro- A Barcala”, elaborado polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito, cun importe de 12.302,24 euros sen IVE, 14.885,71 euros IVE incluído, e un prazo de execución de 2 meses, así como a necesidade da contratación.

Segundo: Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 342 62200 (Instalacións deportivas).

Terceiro: Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2021/C002/000162, da obra de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Cuarto: Adxudicar o contrato menor correspondente á obra de “Mellora dos vestiarios do Campo de Fútbol de Lendoiro – A Barcala”, á empresa López Freire Inversiones SL, con NIF B7015****, domicilio en Pe do Muiño 17, 15168 Sada (A Coruña), no prezo ofertado de 12.300,00 € sen IVE, 14.883,00 € IVE incluído, por ser a empresa que fixo mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo.

Quinto: De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

Sexto: Designar como directora da obra e responsable do contrato á arquitecta técnica municipal, dona Susana Bahamonde López, de conformidade co establecido no artigo 62.2 da LCSP, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sétimo: A coordinación da seguridade e saúde da obra correspóndelle á empresa “Gallega de Coordinacións S.L.”, como adxudicataria do contrato para a prestación do servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras promovidas polo Concello de Cambre (2021-2022), exp. nº 2020/C004/000022.

Oitavo: Notifíquese á responsable do contrato, dona Susana Bahamonde López, á empresa Gallega de Coordinacións S.L., coordinadora de seguridade, ao coordinador da Área de Cultura, Deportes e Xuventude municipal e máis ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

Noveno: Notificar o presente acordo aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.



O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso - Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso - Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e quince minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria

María Luisa de la Red Ampudia